



RESOLUCIÓN DO 6 DE ABRIL DE 2015, DO DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE APROBAN AS BASES DO CONCURSO PÚBLICO PARA ADXUDICACIÓN DE DÚAS PRAZAS DE PROFESOR OU PROFESORA DE LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLA NUN CENTRO EDUCATIVO DA REXIÓN DE AMIENS (FRANCIA) PARA UN INTERCAMBIO DE POSTO A POSTO

O Plan Galego de Potenciación das Linguas Estranxeiras pretende, entre outros obxectivos, desenvolver unha serie de accións de formación en linguas estranxeiras conducentes a mellorar as competencias nelas por parte do profesorado. Conscientes disto, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia desenvolve unha estratexia de alianzas con outras comunidades e rexións europeas que, mediante o estreitamento de lazos institucionais, permita traballar, conxuntamente e dun xeito cooperativo, na mellora da educación e a formación do seu profesorado mediante o intercambio de experiencias e de boas prácticas.

E tendo en conta que Galicia e Amiens son rexións da Unión Europea, é posible reforzar unha colaboración activa entre ambas zonas mediante un programa de intercambio posto a posto, que promova o ensino das linguas, das literaturas e das culturas española e galega nos centros de Amiens, polo grande interese que as mesmas teñen para esta rexión do norte de Francia, así como o ten na nosa Comunidade o ensino da lingua, da literatura e da cultura francesas nos nosos centros.

Por todo isto, e de acordo co establecido no protocolo de cooperación asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Académie d'Amiens o 16 de decembro de 2011,

RESOLVO:

Primeiro. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto a convocatoria dun concurso público de méritos para a provisión de dúas prazas de profesor ou profesora de lingua e literatura española en dous centros educativos da rexión de Amiens (Francia).

Segundo. Bases da convocatoria

As bases polas que se rexerá este concurso figuran no anexo I desta resolución.

Terceiro. Participantes

Poderán participar neste concurso os funcionarios e as funcionarias de carreira pertencentes ao corpo de profesores e profesoras de ensino secundario que impartan a materia de lingua francesa, teñan destino definitivo nun centro da Comunidade Autónoma de Galicia e cumbran co establecido na base primeira do anexo I desta resolución.





Cuarto. *Nomeamento*

As persoas adxudicatarias serán nomeadas en comisión de servizos para o curso académico 2015-2016, comezando o 1 de setembro de 2015 e rematando o 31 de agosto de 2016. O nomeamento non poderá ser renovado unha vez rematada a actividade.

Quinto. *Retribucións*

O profesorado adxudicatario recibirá as retribucións que como funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia lle correspondan. Os gastos nos que incorran as persoas adxudicatarias derivados do seu traslado e a súa estancia durante a duración da comisión de servizos (viaxes, desprazamentos, aloxamento, etc.) correran pola súa conta.

Sexto. *Dependencia xerárquica e funcional*

Durante o tempo que dura a comisión de servizo, o profesorado adxudicatario estará baixo a dirección e dependencia funcional do director ou da directora do centro de destino. As súas obrigas e o réxime de vacacións serán fixados pola autoridade citada previamente, con arreglo ás normas xerais que rexen na Academie d'Amiens, así como de acordo coas normas que figuran no regulamento interno do centro de destino.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2015

O DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E ORDENACION UNIVERSITARIA.



Manuel Corredoira López





ANEXO I

Bases que rexerán a convocatoria:

Primeira.

O profesorado que concorra a esta convocatoria debe cumprir as seguintes condicións na data da publicación desta resolución:

1. Ter unha antigüidade mínima de dous anos como funcionario ou funcionaria de carreira do corpo de profesorado de ensino secundario da materia de lingua francesa.
2. Encontrarse en situación de servizo activo e estar impartindo lingua francesa no curso 2014-15.
3. Manterse en situación de servizo activo durante o curso académico 2015-16 no centro desde o que concursa.
4. A obtención destas prazas é incompatible coa participación simultánea en programas europeos, estadías formativas en empresas e actividades formativas no estranxeiro ofrecidas á marxe desta convocatoria.
5. Informe da Inspección Educativa.

Segunda.

O profesorado adxudicatario exercerá no centro de destino as funcións de docencia de español como lingua estranxeira en todos os niveis educativos que se impartan no centro de destino. O profesorado francés adxudicatario pola Academie d'Amiens deberá desenvolver as mesmas tarefas docentes que estaba a desenvolver o profesorado galego adxudicatario.

Terceira.

1. Para as solicitudes utilizarse o modelo de formulario que figura no anexo II desta resolución e presentarse, xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados, no rexistro da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (edificio administrativo de San Caetano, r/ San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), sendo de aplicación o establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
2. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir da publicación desta resolución no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
3. Ao anexo de solicitude haberá que lle achegar a seguinte documentación:
 - a) Certificado, expedido polo secretario ou secretaria do centro, co visto e prace da persoa directora, no que conste que a persoa solicitante imparte a materia de lingua francesa durante o curso académico 2014-2015.





b) Proxecto de traballo, en que se analicen as condicións xerais da praza que se solicita (10 folios como máximo, letra Arial 12 puntos e interliñado sinxelo).

O proxecto deberá contar, ao menos, con estes apartados:

- Introducción.
- Contexto do centro educativo e a súa relación co ensino de linguas estranxeiras.
- Intereses, expectativas e transferencia da experiencia no seu labor docente.

Cuarta.

1. Finalizado o prazo de solicitudes, a comisión de valoración fará pública unha resolución provisional co profesorado adxudicatario, co profesorado suplente e co profesorado excluído, de ser o caso. Esa resolución difundirase no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (<http://www.edu.xunta.es>).

2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de tres días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que resolverá a adxudicación definitiva destas comisións de servizo.

3. A resolución definitiva do profesorado adxudicatario publicarse no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (<http://www.edu.xunta.es>).

Quinta.

1. Para a valoración dos méritos alegados no anexo III e alegados polas persoas solicitantes nomearase unha comisión, integrada polos seguintes membros:

– Presidencia: a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

– Vogais: ata un máximo de catro, con categoría de titular de subdirección xeral, xefatura de servizo ou membro da Inspección educativa, por designación da persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

– Secretaría: unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuará con voz e sen voto.

2. O prazo máximo para resolver será de dous meses, contados a partir da data de publicación desta resolución no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. As solicitudes entenderanse desestimadas de non resolverse a convocatoria no prazo anteriormente sinalado.

3. A resolución porá fin á vía administrativa e notificaráselles ás persoas solicitantes. Contra ela poderán interpoñer recurso potestativo de reposición diante do director xeral de Educación,





Formación Profesional e Innovación Educativa no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Sexta.

A comisión, antes de formular a proposta de nomeamento, de ser o caso, poderá convocar o profesorado solicitante a unha entrevista, que versará sobre o proxecto e/ou o nivel de competencia pedagóxica necesaria para o seu desenvolvemento.





ANEXO II

Datos da persoa solicitante:.....

Apelidos:....., Nome:.....
 NIF:..... Enderezo:..... Localidade:.....
 Provincia:..... Código postal:..... Teléfono:.....

Solicita:

Ser admitido/a na convocatoria pública para optar a unha das prazas de profesor/a de lingua castelá e literatura nun centro educativo da rexión de Amiens (Francia), efectuada mediante a Resolución do, por considerar que reúne os requisitos esixidos na propia convocatoria.

Documentación que se achega con esta solicitude (riscar o que se entregue):

Certificado, expedido polo secretario ou secretaria do centro, co visto e prace da persoa directora, no que conste que a persoa solicitante imparte a materia de lingua francesa durante o curso académico 2014-2015.

Proxecto de traballo.

....., de..... de 2015.

Sinatura do/a solicitante

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa.

Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781

Santiago de Compostela, A Coruña.





ANEXO III

MÉRITOS	Puntos por curso ou actividade	Total puntos máximo	DOCUMENTOS
1. Proxecto de traballo. Cumprirá alcanzar un mínimo de catro puntos.	Ata 10 puntos	10 puntos	O proxecto orixinal.
2. Méritos docentes. - Por cada ano de servizo como funcionario/a de carreira (non se computarán os esixidos como requisito).	0,5 punto por ano completo.	3 puntos	
3. Outros méritos			
3.1. Docencia en actividades de formación do profesorado, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.	0,1 puntos por cada 3 horas de formación.	1,5 puntos	
3.2. Asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado relacionadas con linguas estranxeiras, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.	0,05 puntos por cada 10 horas de formación	3 puntos	
3.3. Asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.	0,1 puntos por cada 10 horas de formación.	1,5 puntos	
3.4. Participación en proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, e participación no plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras (modalidade 1 e 2) nos institutos de educación secundaria establecidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Participación no Programa de Seccións Europeas, Seccións Bilingües, Aulas Bilingües ou Centros Plurilingües da Consellería de Cultura, Educación e O.U.	0,5 puntos por ano.	4 puntos	
3.5. Participación en intercambios ou estadias formativas, con alumnado, no estranxeiro. Participación no programa de Inmersión Lingüística con alumnado de 6º de Educación Primaria.	0,25 puntos por actividade.	2 puntos	
4. Entrevista, se é o caso. Cumprirá alcanzar un mínimo de catro puntos.		Ata 10 puntos	

Fotocopias
compulsadas
certificacións
acreditativas
das